

ANEXO VI

“PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO”

O Plan de Continxencia do centro educativo CPR PLURILINGÜE SANTA TERESA DE JESÚS ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas

identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a xefatura de sanidade.

5 A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.

Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de

contacto próximo.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

12. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

13. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

A) As reunións dos equipos docentes e de xestión realizaranse de xeito online, mantendo o ritmo habitual en cada caso, sempre que non sexa preciso facer algunha extraordinaria, xustificada pola situación.

Esta medida atinxe a:

- Equipo Directivo
- CCP
- Departamentos
- Coordinación de Etapa
- Coordinación de Acción pastoral
- Comité de Seguridade Outros equipos e comisións que poidan xurdir a partir da situación de continxencia.

B) A coordinación de cada titor co equipo docente do seu grupo, realizarase de xeito online, chamada telefónica e/ou correo, procurando que o titor teña información da marcha do grupo, cunha periodicidade semanal.

No caso de situación de alumnado ou familias que requiran unha actuación inmediata, comunicaráselle á maior brevidade posible, para que poida coordinar as acción pertinentes.

C) Para a **información a familias** manterase o uso da plataforma EDUCAMOS, co rexistro de asistencia, notificacións de incidencias,...

Atenderase de xeito específico ás necesidades de recursos de familias vulnerables, para atender necesidades de dispositivos electrónicos, conexións wifi e outras derivadas da actividade lectiva.

D) O Equipo Directivo, no caso de que estea permitido polas administración correspondentes, exercerá o papel de **“servicios mínimos”** presenciais no Centro.

E) Para o **desenvolvemento da acción académica**, terase en conta o sinalado no Apto. 30 do Protocolo. Os alumnos serán informados ao inicio do curso da Adaptación da PD deseñada para o ensino online. Esta adaptación terá carácter de Programación Docente e será de acceso público.

F) Para afrontar o período de ensinanza non presencial, acórdase establecer unha serie de **boas prácticas** para alumnado e profesorado.

ALUMNADO

Normas de convivencia no ámbito ONLINE:

- Presentar as tarefas en tempo e forma.
- Comunicarse co profesorado para poder establecer un seguimento.
- Seguir as instrucións do profesorado e participar nas actividades propostas.
- Ser respectuosos/as e amables con todos os/as participantes.

Conduas a evitar:

- Facer uso da imaxe de outra persoa sen o seu consentimento.
- Permitir que calquera persoa allea ao entorno de clase interveña nas actividades programadas.
- Compartir datos persoais sen a autorización do profesorado ou dos titores/as legais do alumno/a.
- Desobedecer as indicacións do profesorado
- Facer uso de actitudes violentas, ameazantes ou discriminatorias hacia calquera membro da comunidade educativa.
- Levar a cabo actos de incorrección ou desconsideración que perturben o normal discurrir das actividades académicas.

- Incorrer en calquera outra conduta que poida supoñer una de las faltas recollidas nas Normas de Convivencia.

- Non identificarse durante as clases virtuais. Este será motivo de expulsión da mesma.

Regras de participación para as clases virtuais:

- O ingreso as salas virtuais a través da aplicación MEET (ou outra elixida polo profesor) deberá ser mediante invitación do/da docente que imparte a asignatura, na CLASSROOM correspondente.

- É obriga do alumnado conectarse con puntualidade.

- O alumno/a debe silenciar o micrófono do seu dispositivo durante o desenvolvemento da clase virtual e activalo solo cando necesite realizar unha consulta ou o/a profesor/a llo solicita.

- O alumno/a debe estar identificado co seu nome e apelidos, e debe ser visualmente identificado.

O único que pode enviar os enlaces das clases é o profesor/a da materia a impartir.

- As faltas disciplinarias na aula virtual poderán ser sancionadas de acordo co contemplado nas Normas de Convivencia do centro. Durante a clase virtual non se permite inxerir alimentos, tomar almorzo, etc.

NOTA: Para todos aqueles/as que teñan algún problema para seguir as clases a distancia deberán comunicalo ao titor/a para poder buscar unha solución.

G) Medidas específicas para Educación Infantil.

Na etapa de Infantil intentarase a seguir dentro da medida do posible o desenrolo e reforzo do currículo repasando e ampliando na medida do posible os contidos de cada nivel(3 , 4 e 5 anos)

As actividades serán organizadas polo mestres de cada curso a través de traballo diario con documentos compartidos e vídeos titorías elaborados por eles , recursos interactivos na web, vídeos didácticos , xogos , material fotocopiable ou dos métodos didácticos .

Sistema de comunicación co alumnado e as familias.

O sistema de comunicación será diario a través da plataforma educativa do centro. Os pais e nais recibirán as tarefas na APP do móbil ou no pc nun documento pdf con enlaces activos para visionar as explicacións do traballo que teñen que realizar os alumnos/as.

Ademais tamén se fomentarán actividades lúdicas elaboradas polos mestres a través de titorías (xogos, manualidades, actividades de relaxación...) para que os alumnos/as séntanse partícipes e acompañados polo profesorado dentro da medida do posible.

Fomentarase na medida do posible tamén unha vez polo menos una vez a semana dunha titoría grupal a través dunha videochamada usando as canles establecidas polo centro.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

14. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

Fase 1.- [Adaptación de espazos.](#)

[Retomaranse as medidas establecidas para o inicio do curso 2020 - 2021.](#)

[Se non foran estas medidas suficientes ou non se adaptaran ao prescrito na fase de reincorporación, será preciso modificalas.](#)

[Duración: Unha semana, prorrogabre a dúas, dependendo da continxencia e do establecido polas autoridades sanitarias e educativas.](#) Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- [Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.](#)

- [Reestructuración de espazos.](#)

Fase 2 .- [Formación dos grupos](#)

[Duración: 1 semana](#)

[A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será a mesma que se tivo en conta no inicio do curso, sempre que sexa posible segundo o marcado polas autoridades sanitarias.](#)

[De poder ser o 100 %, prevalecerá a distribución en tres liñas educativas, normativa no centro.](#)

[O grupo como unidade establecida, será a referencia para todos os espazos e tempos educativos, isto é, aulas, recreos, entradas e saídas, comedor e outros que poideran](#)

crearse.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Organizar a vida do centro en base a grupos de referencia.

Fase 3.- Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos.

Duración: [As semanas que requiran as distintas fases](#)

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do [establecido nas instrucións sanitarias e educativas](#). Irá cambiando segundo estas avancen.

Obxectivos:

- [Reforzar na Comunidade Educativa as medidas aprendidas para avanzar nas fases de reincorporación.](#)

Fase 4.- Fase de reactivación.

Duración:

- [Establecida polas autoridades sanitarias e educativas.](#)
- [Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado.](#)
- [Farase de xeito escalonado, revertindo o proceso de continxencia, se ben este retorno podería ser máis breve nos tempos, sempre que a situación sanitaria o permita.](#)
- [A duración será ata acadar o funcionamento de normalidade no centro, tal e como se entende desde o Proxecto Educativo e normativas derivadas.](#)
- **Obxectivos:**
- [Recuperar a normalidade no funcionamento do Centro, en todos os ámbitos.](#)